

NOVENA DE SAN BIEITO

DÍA 1º



Unidade Pastoral d'Os Cotos

1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

CANTO DE ENTRADA 🎵 *nº 3 Unha xuntanza de ...*

Monitor/a

Benvidos sexamos a este encontro. Reunímonos coma comunidade no nome do Pai e do fillo e do Espírito Santo

LECTURA DA REGLA DE SAN BIEITO

“Escoita, fillo, os preceptos dun mestre, apronta a escoita do teu corazón, acolle con gusto esta ensinanza dun pai entrañable e pona en práctica, para que retornes a Deus de quen te tiñas alonxado. A ti, pois, se dirixen estas miñas palabras, quen queira que sexas, se queres renunciar á túa vontade e decidirte por facer o camiño do evanxeo para servir ao verdadeiro señor, Cristo”.

As palabras de san Bieito nos convidan nestes días de novena a volver os corazóns a Deus, a refacer os camiños que nos levan a Él, principalmente o camiño da oración. Preparemos os corazóns para o encontro con Deus, o único que poder encher a nosa vida de plenitude.

ACTO PENITENCIAL

Monitor/a

Invoquemos a misericordia de Deus coas peticións de perdón

- Porque a nosa oración, ás veces, non é froito dos nosos feitos, e se queda en palabras,
PERDÓN, SEÑOR, PERDÓN ♪
- Porque a nosa oración, ás veces, non é froito da coherencia, e non é máis que apariencia,
PERDÓN, SEÑOR, PERDÓN ♪
- Porque na nosa oración, ás veces, queremos que Ti, Señor, nos escoites, aínda que nós non prestemos oídos ás voces dos demais,
PERDÓN, SEÑOR, PERDÓN ♪

Deus todopoderoso teña piedade de nós e dos que teñen un lugar nos nosos corazóns, nos conceda o perdón dos pecados e nos leve á vida eterna. AMÉN

ORACIÓN PROPIA DO DIA

Monitor/a

Deus santo, celebramos un ano máis estes días de novena. Concédenos que as palabras e os feitos deste tempo nos leven a comprender mellor o camiño de Cristo e a seguir o seu exemplo cunha vida cada vez máis coherente co evanxeo, como fixo o abade San Bieito. Pedímoscho, por Xesucristo, que vive e reina por sempre eternamente. Amén

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

Monitor/a

Sentemos para escoitar a Palabra de Deus, deixemos que sexa Cristo mesmo quen nos ensine a orar.

PROCLAMACIÓN DO EVANXEO DE LUCAS

Dunha vez un dos discípulos pediulle a Xesús:

- Mestre, apréndenos a rezar.

Respondeulles: - Cando recedes, dicide:

Pai, ¡sexo santificado o teu Nome!

Pai, ¡veña o teu Reino!

Dános cada día o noso pan.

E perdoa os nosos pecados,

como tamén perdoamos nós a todo o que nos debe;

e non nos sometas á tentación.

Logo continuou Xesús:

- Por iso dígovos: "Pedide e recibiredes, buscade e atoparedes, petade a abrirásevos. Que todo o que pide, recibe; o que busca, atopa; e a quen peta, abriráselle".

¿Que pai hai entre vós que, se o seu fillo lle pide un peixe, lle dá unha cobra?. Pois se vós, sendo ruíns, ben lles sabedes dar cousas boas aos vosos fillos, canto máis o Pai celestial dará o Espírito aos que llo pidan.

PALABRA DO SEÑOR

REFLEXIÓN

“CANDO RECEDES DICIDE...

XESÚS ENSÍNANOS A REZAR ...”

Queremos nestes días facer nosa a petición que un dos discípulos lle fixo ao Mestre. Queremos que Xesús nos ensine a rezar. Queremos que sexa El quen nos ensine, queremos que sexa El quen nos encamiñe na verdadeira oración.

Nestes días vindeiros imos vernos para compartir a fe, para rezar xuntos, para amosar que nos confiamos a Deus. Esta é a primeira ensinanza de Xesús, porque para rezar é necesario sabernos nas mans de Deus, somos os fillos aos que o Pai non deixa de esquecer, polos que o Pai non deixa de mirar.

Orar é saberse así de confiado, orar foi o camiño feito polo abade San Bieito, orar é o noso quefacer en comunidade aquí, orar é poder contarlle a Deus a nosa vida, orar é poder contar con Deus á nosa beira.

Estes días imos compartir as pregarías que entre todos lle dicimos a Deus, e imos tamén compartir a oración que cada un garda no silencio, pero que Deus Pai non deixa de escoitar.

Orar tamén vai ser dicirlle a Deus que pode contar coas nosas mans, cos nosos feitos, como contamos co exemplo que San Bieito nos dá coa súa vida.

(Mantemos un momento de silencio)

ORACIÓN UNIVERSAL

Monitor/a

Postos en pé, coa mesma confianza coa que San Bieito se puña nas mans do Pai, oremos xuntos pola intercesión de Xesús a quen dicimos:

SEÑOR, ENSÍANOS A ORAR

Polos homes e mulleres que hoxe non son escoitados por pensar, vivir, ou crer diferente, OREMOS.

SEÑOR, ENSÍANOS A ORAR

Polos que non teñen descuberto o Deus que é Pai e que sempre escoita as pregarías dos seus fillos, OREMOS.

SEÑOR, ENSÍANOS A ORAR

Para que a Igrexa se amose sempre disposta a ser a voz das persoas que non se senten escoitadas na fame, na miseria, na soidade, OREMOS.

SEÑOR, ENSÍANOS A ORAR

Para que cantos hoxe nos reunimos aquí, como comunidade de Xesús, sexamos quen de falar con Deus sen medos, con sinxeleza e con confianza, OREMOS

SEÑOR, ENSÍANOS A ORAR

Polas persoas que outros anos compartían estes días de festa aquí, que teñan agora parte á beira de Deus Pai, OREMOS

SEÑOR, ENSÍANOS A ORAR

(Presentemos, en silencio, con San Bieito
as nosas intencións a Deus)

Oremos xuntos, agora, coa pregaría do Señor.


NOSO PAI QUE ESTÁS NO CEO...

Oración final para todos os días

Deus, noso Pai,
que nos creaches para que puidéramos
compartir a túa vida,
eiquí estamos ante Ti,
para escoitar a túa voz e conversar contigo.
Traemos á oración as alegrías e as penas
que nos toca vivir,
e os atrancos e problemas dos nosos irmáns e irmás
co desexo de que a túa luz alente a nosa esperanza.
Danos espírito de humildade e de obediencia,
para que, escoitando os preceptos de Cristo, o Mestre,
e aleccionados polo exemplo de san Bieito,
usemos de tal xeito os bens da terra,
que sexamos merecentes de acadar os gozos eternos.
Por Cristo, Noso Señor.

Canto da primeira estrofa dos gozos

Que o Señor, pola intercesión do abade San Bieito,
nos bendiga, † nos garde de todo mal
e nos leve á vida eterna. Amén



NOVENA DE SAN BIEITO

DÍA 2º



Unidade Pastoral d'Os Cotos

1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

CANTO DE ENTRADA 🎵 *nº 3 Unha xuntanza de ...*

Monitor/a

Benvidos sexamos a este encontro. Reunímonos coma comunidade no nome do Pai e do fillo e do Espírito Santo

LECTURA DA REGLA DE SAN BIEITO

“Escoita, fillo, os preceptos dun mestre, apronta a escoita do teu corazón, acolle con gusto esta ensinanza dun pai entrañable e pona en práctica, para que retornes a Deus de quen te tiñas alonxado. A ti, pois, se dirixen estas miñas palabras, quen queira que sexas, se queres renunciar á túa vontade e decidirte por facer o camiño do evanxeo para servir ao verdadeiro señor, Cristo”.

As palabras de san Bieito nos convidan nestes días de novena a volver os corazóns a Deus, a refacer os camiños que nos levan a Él, principalmente o camiño da oración. Preparemos os corazóns para o encontro con Deus, o único que poder encher a nosa vida de plenitude.

ACTO PENITENCIAL

Monitor/a

Invoquemos a misericordia de Deus coas peticións de perdón

- Porque a nosa oración vese marcada con frecuencia pola rutina,

PERDÓN, SEÑOR, PERDÓN 🎵

- Porque a nosa oración, moitas veces, non ven marcada pola procura de Deus,

PERDÓN, SEÑOR, PERDÓN 🎵

- Porque a nosa oración, moitas veces, defínese por palabras sen corazón,

PERDÓN, SEÑOR, PERDÓN 🎵

Deus todopoderoso teña piedade de nós e dos que teñen un lugar nos nosos corazóns, nos conceda o perdón dos pecados e nos leve á vida eterna. AMÉN

ORACIÓN PROPIA DO DIA

Monitor/a

Deus santo, celebramos un ano máis estes días de novena. Concédenos que as palabras e os feitos deste tempo nos leven a comprender mellor o camiño de Cristo e a seguir o seu exemplo cunha vida cada vez máis coherente co evanxeo, como fixo o abade San Bieito. Pedímoscho, por Xesucristo, que vive e reina por sempre eternamente. Amén

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s)

a palabra de Deus proclámase dende o ambón

Monitor/a

Sentemos para escoitar a Palabra de Deus, deixemos que sexa Cristo mesmo quen nos ensine a orar.

PROCLAMACIÓN DO EVANXEO DE MATEO

Xesús díxolles:

-Cando recedes non fagades coma os hipócritas que gustan de rezar moi ergueitos nas sinagogas e nos recantos das rúas para que os vexa a xente; asegúrovos que tamén recibiron a súa recompensa.

Ti, pola contra, cando queiras rezar, métete no teu cuarto, pecha a porta e rézalle a teu Pai que está no segredo, e teu Pai que ve o segredo, hate recompensar.

E cando vos poñades a rezar non sexades lareteiros coma os pagáns. Botan de conta que os van escoitar polo moito falar. Non sexades coma eles, porque o voso Pai ben sabe o que precisades xa antes de que llo pidades.

PALABRA DO SEÑOR

REFLEXIÓN

“CANDO RECEDES DICIDE...

NOSO PAI ...”

Pai, unha palabra diminuta, tres letras, pequena coma unha semente de mostaza. Todo o que ven de Xesús agóchase no pequeno, no sinxelo: unha aldea descoñecida, unha nai chamada María, como tantas outras, un neno envolto nuns capizos, o fillo dun carpinteiro, un pouco de pan e de viño, unha comunidade de xentes sinxelas, compartindo a vida e a alegría; despois, nós, temos inventado catedrais, o Vaticano, as misas polifónicas, os tratados de teoloxía. Será que non temos o segredo de facer as cousas coa milagrosa sinxeleza coa que Deus viste unha flor do campo.

Pai, unha palabra pequena para rezar e nela toda a experiencia da relación de Xesús, toda a fondura do seu saberse Fillo, toda a gloria da súa confianza en Alguén meirande.

Deus é o creador, o autor da vida, o que camiña co seu pobo, o remate de toda esperanza ... e podemos chamarlle ABBA, PAI:

(Mantemos un momento de silencio)

ORACIÓN UNIVERSAL

Monitor/a

Postos en pé, coa mesma confianza coa que San Bieito se puña nas mans do Pai, oremos xuntos pola intercesión de Xesús a quen dicimos:

SEÑOR, ENSÍANOS A ORAR

Polos que non teñen descuberto a Deus, ou se teñen apartado dos seus vieiros, OREMOS.

SEÑOR, ENSÍANOS A ORAR

Polos que non teñen descuberto o rostro de Pai no Deus que Xesús amosa, OREMOS.

SEÑOR, ENSÍANOS A ORAR

Para que a Igrexa descubra no camiño da sinxeleza o valor do pequeno para achegarse a Deus, OREMOS.

SEÑOR, ENSÍANOS A ORAR

Para que cantos hoxe nos reunimos aquí, como comunidade de Xesús, sexamos quen de falar con Deus sen medos, con sinxeleza e coa confianza de sabernos escoitados, OREMOS

SEÑOR, ENSÍANOS A ORAR

Polas persoas que outros anos compartían estes días de festa aquí, que teñan agora parte á beira de Deus Pai, OREMOS

SEÑOR, ENSÍANOS A ORAR

(Presentemos, en silencio, con San Bieito
as nosas intencións a Deus)

Oremos xuntos, agora, coa pregaría do Señor.


NOSO PAI QUE ESTÁS NO CEO...

Oración final para todos os días

Deus, noso Pai,
que nos creaches para que puidéramos
compartir a túa vida,
eiquí estamos ante Ti,
para escoitar a túa voz e conversar contigo.
Traemos á oración as alegrías e as penas
que nos toca vivir,
e os atrancos e problemas dos nosos irmáns e irmás
co desexo de que a túa luz alente a nosa esperanza.
Danos espírito de humildade e de obediencia,
para que, escoitando os preceptos de Cristo, o Mestre,
e aleccionados polo exemplo de san Bieito,
usemos de tal xeito os bens da terra,
que sexamos merecentes de acadar os gozos eternos.
Por Cristo, Noso Señor.

Canto da segunda estrofa dos gozos

Que o Señor, pola intercesión do abade San Bieito,
nos bendiga, † nos garde de todo mal
e nos leve á vida eterna. Amén



NOVENA DE SAN BIEITO

DÍA 3º



Unidade Pastoral d'Os Cotos

1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

CANTO DE ENTRADA 🎵 *nº 3 Unha xuntanza de ...*

Monitor/a

Benvidos sexamos a este encontro. Reunímonos coma comunidade no nome do Pai e do fillo e do Espírito Santo

LECTURA DA REGLA DE SAN BIEITO

“Escoita, fillo, os preceptos dun mestre, apronta a escoita do teu corazón, acolle con gusto esta ensinanza dun pai entrañable e pona en práctica, para que retornes a Deus de quen te tiñas alonxado. A ti, pois, se dirixen estas miñas palabras, quen queira que sexas, se queres renunciar á túa vontade e decidirte por facer o camiño do evanxeo para servir ao verdadeiro señor, Cristo”.

As palabras de san Bieito nos convidan nestes días de novena a volver os corazóns a Deus, a refacer os camiños que nos levan a Él, principalmente o camiño da oración. Preparemos os corazóns para o encontro con Deus, o único que poder encher a nosa vida de plenitude.

PENITENCIAL

Monitor/a

Invoquemos a misericordia de Deus coas peticións de perdón

- Porque, ás veces, queremos santificar a Deus con palabras e non o facemos cos feitos,

PERDÓN, SEÑOR, PERDÓN ♪

- Porque, ás veces, a nosa vida está moi lonxe de santificar a Deus dignificando aos empobrecidos,

PERDÓN, SEÑOR, PERDÓN ♪

- Porque, ás veces, na nosa vida levamos aos altares os nosos intereses e non o que lle interesa a Xesús,

PERDÓN, SEÑOR, PERDÓN ♪

Deus todopoderoso teña piedade de nós e dos que teñen un lugar nos nosos corazóns, nos conceda o perdón dos pecados e nos leve á vida eterna. AMÉN

ORACIÓN PROPIA DO DIA

Monitor/a

Deus santo, celebramos un ano máis estes días de novena. Concédenos que as palabras e os feitos deste tempo nos leven a comprender mellor o camiño de Cristo e a seguir o seu exemplo cunha vida cada vez máis coherente co evanxeo, como fixo o abade San Bieito. Pedímoscho, por Xesucristo, que vive e reina por sempre eternamente. Amén

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s)

a palabra de Deus proclámase dende o ambón

Monitor/a

Sentemos para escoitar a Palabra de Deus, deixemos que sexa Cristo mesmo quen nos ensine a orar.

PROCLAMACIÓN DO EVANXEO DE XOÁN

Díxolles Xesús aos seus discípulos:

-Se alguén me ama, gardará a miña palabra, e meu Pai amarao, e viremos onda el, e faremos vida con el. O que non me ama, non garda as miñas palabras; e a palabra que escoitades de min, non é miña, é do Pai que me mandou.

Díxenvos estas cousas mentres estaba convosco. Déixovos a paz, douvos a miña paz: eu non vola dou coma o mundo a dá. Non vos angustiedes, nin teñades medo. Oístes que vos dixen "voume e logo volvo onda vós". Se me amasedes, alegrariádesvos de que eu vaia onda o Pai, xa que o Pai é máis ca min.

PALABRA DO SEÑOR

REFLEXIÓN

“CANDO RECEDES DICIDE...

SANTIFICADO SEXAS ...”

Xesús non dubida en sentirse nas mans do Pai, sabe que o que El di e fai é amosar ao mesmo Deus. Nós queremos agora amosar a grandeza de Deus, queremos santificalo porque no seu fillo Xesús atopamos a un Deus que nos ama, que se fai á nosa beira, que se fai á beira de Xesús.

O abade San Bieito, con oración e traballo quixo santificar a Deus, quixo facer vida con El.

Nós, hoxe, compartindo esta celebración queremos santificar a Deus, queremos que saiba de nós, queremos dicirlle que escoitamos as palabras do seu Fillo porque iso é escoitalo a El.

As Palabras de Xesús son unha invitación a confiarnos ao corazón de Deus, a santificar o seu nome “Pai”, a ser testemuñas da súa paz, a alegrarnos porque El e Xesús ámannos, veñen a nós e fan vida con nós.

(Mantemos un momento de silencio)

ORACIÓN UNIVERSAL

Monitor/a

Postos en pé, coa mesma confianza coa que San Bieito se puña nas mans do Pai, oremos xuntos pola intercesión de Xesús a quen dicimos:

SEÑOR, ENSÍANOS A ORAR

Polos que queren santificar a Deus nas palabras e nos feitos que amosan caridade, igualdade e fraternidade, OREMOS.

SEÑOR, ENSÍANOS A ORAR

Polos que queren santificar a Deus nos empobrecidos, nos inxustamente tratados, nos necesitados, OREMOS.

SEÑOR, ENSÍANOS A ORAR

Para que a Igrexa non se deixe levar polo que dirán, para que non se ate ao pasado e a costumes doutros tempos, e camiñe dando resposta á actualidade, OREMOS

SEÑOR, ENSÍANOS A ORAR

Para que cantos hoxe nos reunimos aquí, como comunidade de cristiáns, sexamos quen encamiñar a nosa vida ao xeito de Xesús, OREMOS

SEÑOR, ENSÍANOS A ORAR

Polas persoas que outros anos compartían estes días de festa aquí, que teñan agora parte á beira de Deus Pai, OREMOS

SEÑOR, ENSÍANOS A ORAR

*(Presentemos, en silencio, con San Bieito
as nosas intencións a Deus)*

Oremos xuntos, agora, coa pregaría do Señor.

NOSO PAI QUE ESTÁS NO CEO...

Oración final para todos os días

Deus, noso Pai,
que nos creaches para que puidéramos
compartir a túa vida,
eiquí estamos ante Ti,
para escoitar a túa voz e conversar contigo.
Traemos á oración as alegrías e as penas
que nos toca vivir,
e os atrancos e problemas dos nosos irmáns e irmás
co desexo de que a túa luz alente a nosa esperanza.
Danos espírito de humildade e de obediencia,
para que, escoitando os preceptos de Cristo, o Mestre,
e aleccionados polo exemplo de san Bieito,
usemos de tal xeito os bens da terra,
que sexamos merecentes de acadar os gozos eternos.
Por Cristo, Noso Señor.

Canto da terceira estrofa dos gozos

Que o Señor, pola intercesión do abade San Bieito,
nos bendiga, † nos garde de todo mal
e nos leve á vida eterna. Amén

NOVENA DE SAN BIEITO

DÍA 4º



Unidade Pastoral d'Os Cotos

1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

CANTO DE ENTRADA 🎵 *nº 3 Unha xuntanza de ...*

Monitor/a

Benvidos sexamos a este encontro. Reunímonos coma comunidade no nome do Pai e do fillo e do Espírito Santo

LECTURA DA REGLA DE SAN BIEITO

“Escoita, fillo, os preceptos dun mestre, apronta a escoita do teu corazón, acolle con gusto esta ensinanza dun pai entrañable e pona en práctica, para que retornes a Deus de quen te tiñas alonxado. A ti, pois, se dirixen estas miñas palabras, quen queira que sexas, se queres renunciar á túa vontade e decidirte por facer o camiño do evanxeo para servir ao verdadeiro señor, Cristo”.

As palabras de san Bieito nos convidan nestes días de novena a volver os corazóns a Deus, a refacer os camiños que nos levan a Él, principalmente o camiño da oración. Preparemos os corazóns para o encontro con Deus, o único que poder encher a nosa vida de plenitude.

ACTO PENITENCIAL

Monitor/a

Invoquemos a misericordia de Deus coas peticións de perdón

- Porque a nosa vida, ás veces, está lonxe de procurar a xustiza para os inxustamente tratados,

PERDÓN, SEÑOR, PERDÓN ♪

- Porque a nosa vida, ás veces, está lonxe da paz e cerca da violencia, dos enfrontamentos, das loitas, das marxinacións,

PERDÓN, SEÑOR, PERDÓN ♪

- Porque a nosa vida, ás veces, levámola a amar interesadamente, deixando a moitas persoas no camiño do esquecemento,

PERDÓN, SEÑOR, PERDÓN ♪

Deus todopoderoso teña piedade de nós e dos que teñen un lugar nos nosos corazóns, nos conceda o perdón dos pecados e nos leve á vida eterna. AMÉN

ORACIÓN PROPIA DO DIA

Monitor/a

Deus santo, celebramos un ano máis estes días de novena. Concédenos que as palabras e os feitos deste tempo nos leven a comprender mellor o camiño de Cristo e a seguir o seu exemplo cunha vida cada vez máis coherente co evanxeo, como fixo o abade San Bieito. Pedímoscho, por Xesucristo, que vive e reina por sempre eternamente. Amén

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s)

a palabra de Deus proclámase dende o ambón

Monitor/a

Sentemos para escoitar a Palabra de Deus, deixemos que sexa Cristo mesmo quen nos ensine a orar.

PROCLAMACIÓN DO EVANXEO DE XOÁN E MATEO

Dixo Xesús:

-Agora queda glorificado o Fillo do Home e Deus queda glorificado nel. Douvos un mandamento novo: amádevos uns a outros; como eu vos amei, amádevos tamén entre vós. Nisto coñecerán todos que sodes os meus discípulos: se vos tedes amor uns a outros.

-Bendito sexas, meu Pai, Señor do ceo e mais da terra, porque lles escondiches estas cousas aos sabios e aos prudentes e llas revelaches á xente humilde. Si, meu Pai, bendito sexas por che agradar iso así.

PALABRA DO SEÑOR

REFLEXIÓN

“CANDO RECEDES DICIDE...

VEÑA A NÓS O TEU REINO ...”

En Cristo faise o Reino de Deus, con Cristo dá comezo unha nova vida afincada na fraternidade, para Cristo e no amor está o mellor dos camiños.

Facemos hoxe o Reino da paz cando non aceptamos que os poderosos asoballen aos pequenos e humildes.

Facemos hoxe o Reino da xustiza cando nos pomos á beira dos homes e mulleres que son inxustamente tratados na fame, no paro, na violencia de xénero, na soidade.

Facemos hoxe o Reino do amor cando demostramos con palabras e feitos que vivir coma irmáns vale a pena e non é de balde.

Amor-xustiza-paz tres actitudes imprescindibles no noso camiñar como persoas e cristiáns. Ao levalas á vida asemellámonos a Xesús e a todo o que El nos dixo e fixo.

Que veña a nós o Reino é levalo e facelo vida nas persoas que esperan unha oportunidade para sentírense amadas, para compartiren en paz e para seren tratadas con xustiza.

(Mantemos un momento de silencio)

ORACIÓN UNIVERSAL

Monitor/a

Postos en pé, coa mesma confianza coa que San Bieito se puña nas mans do Pai, oremos xuntos pola intercesión de Xesús a quen dicimos:

SEÑOR, ENSÍANOS A ORAR

Polos que teñen descuberto a Deus, coma o que nos ama e nos acolle coma os seus fillos benqueridos, OREMOS

SEÑOR, ENSÍANOS A ORAR

Polos que teñen necesidade de paz e xustiza porque o que o mundo lles ofrece é violencia e sufrimento, OREMOS.

SEÑOR, ENSÍANOS A ORAR

Para que como Igrexa fagamos do evanxeo un camiño novo na xustiza, no amor e na paz, OREMOS.

SEÑOR, ENSÍANOS A ORAR

Para que cantos hoxe nos reunimos aquí, como comunidade de cristiáns, sexamos quen construír o Reino de Xesús amándonos coma irmáns coma El nos amou, OREMOS

SEÑOR, ENSÍANOS A ORAR

Polas persoas que outros anos compartían estes días de festa aquí, que teñan agora parte á beira de Deus Pai, OREMOS

SEÑOR, ENSÍANOS A ORAR

(Presentemos, en silencio, con San Bieito
as nosas intencións a Deus)

Oremos xuntos, agora, coa pregaría do Señor.

NOSO PAI QUE ESTÁS NO CEO...

Oración final para todos os días

Deus, noso Pai,
que nos creaches para que puidéramos
compartir a túa vida,
eiquí estamos ante Ti,
para escoitar a túa voz e conversar contigo.
Traemos á oración as alegrías e as penas
que nos toca vivir,
e os atrancos e problemas dos nosos irmáns e irmás
co desexo de que a túa luz alente a nosa esperanza.
Danos espírito de humildade e de obediencia,
para que, escoitando os preceptos de Cristo, o Mestre,
e aleccionados polo exemplo de san Bieito,
usemos de tal xeito os bens da terra,
que sexamos merecentes de acadar os gozos eternos.
Por Cristo, Noso Señor.

Canto da cuarta estrofa dos gozos

Que o Señor, pola intercesión do abade San Bieito,
nos bendiga, † nos garde de todo mal
e nos leve á vida eterna. Amén



NOVENA DE SAN BIEITO

DÍA 5º



Unidade Pastoral d'Os Cotos

1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

CANTO DE ENTRADA 🎵 *nº 3 Unha xuntanza de ...*

Monitor/a

Benvidos sexamos a este encontro. Reunímonos coma comunidade no nome do Pai e do fillo e do Espírito Santo

LECTURA DA REGLA DE SAN BIEITO

“Escoita, fillo, os preceptos dun mestre, apronta a escoita do teu corazón, acolle con gusto esta ensinanza dun pai entrañable e pon a en práctica, para que retornes a Deus de quen te tiñas alonxado. A ti, pois, se dirixen estas miñas palabras, quen queira que sexas, se queres renunciar á túa vontade e decidirte por facer o camiño do evanxeo para servir ao verdadeiro señor, Cristo”.

As palabras de san Bieito nos convidan nestes días de novena a volver os corazóns a Deus, a refacer os camiños que nos levan a Él, principalmente o camiño da oración. Preparemos os corazóns para o encontro con Deus, o único que poder encher a nosa vida de plenitude.

ACTO PENITENCIAL

Monitor/a

Invoquemos a misericordia de Deus coas peticións de perdón

- Porque na oración pretendemos dictar a nosa vontade a Deus,

PERDÓN, SEÑOR, PERDÓN 🎵

- Porque a nosa oración non busca escoitar a Deus como interlocutor,

PERDÓN, SEÑOR, PERDÓN 🎵

- Porque a nosa oración non procura ter experiencia de entrar no segredo de Deus,

PERDÓN, SEÑOR, PERDÓN 🎵

Deus todopoderoso teña piedade de nós e dos que teñen un lugar nos nosos corazóns, nos conceda o perdón dos pecados e nos leve á vida eterna. AMÉN

ORACIÓN PROPIA DO DIA

Monitor/a

Deus santo, celebramos un ano máis estes días de oración. Concédenos que as palabras e os feitos deste tempo nos leven a comprender mellor o camiño de Cristo e a seguir o seu exemplo cunha vida cada vez máis coherente co evanxeo, como fixo o abade San Bieito. Pedímoscho, por Xesucristo, que vive e reina por sempre eternamente. Amén

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s)

a palabra de Deus proclámase dende o ambón

Monitor/a

Sentemos para escoitar a Palabra de Deus, deixemos que sexa Cristo mesmo quen nos ensine a orar.

PROCLAMACIÓN DO EVANXEO DE XOÁN

Xesús díxolles:

-A miña comida é facer a vontade daquel que me mandou e levar a remate a súa obra.

Non dicides vós que aínda faltan catro meses para que chegue a seitura? Ben, pois mirade o que vos digo: erguede os vosos ollos e veredes que os campos xa están brancos para a seitura.

PALABRA DO SEÑOR

REFLEXIÓN

“CANDO RECEDES DICIDE...

FÁGASE A TÚA VONTADE ... ”

A vontade de Deus!, poucas expresións teñen sido tan manipuladas; moitas veces se quixo reducir a mandamentos, leis, normas; moitas veces se ten feito da vontade de Deus unha gaiola para a nosa liberdade, unha chamada á resignación ou unha maneira de xustificar o inxustificable.

Só Xesús ten o segredo de como quere o Pai que fagamos a súa vontade; Xesús arela a vontade do Pai, a busca é algo que o enche de gozo.

Xesús nos descubre tamén que ás veces a vontade de Deus resulta dura e, daquela, a única resposta é o abandono nel. Por iso no “Nosos Pai” Xesús nos ensina a dicir “Pai” antes que desexar cumprir a súa vontade, non coa resignación obediente do escravo, senón coa complicidade entusiasta do fillo.

(Mantemos un momento de silencio)

ORACIÓN UNIVERSAL

Monitor/a

Postos en pé, coa mesma confianza coa que San Bieito se puña nas mans do Pai, oremos xuntos pola intercesión de Xesús a quen dicimos:

SEÑOR, ENSÍANOS A ORAR

Polos que non teñen descuberto a Deus, que nos manifesta un xeito propio de camiñar na vida, OREMOS.

SEÑOR, ENSÍANOS A ORAR

Polos que viven na frustración de sentir a vontade de Deus como opresión. OREMOS.

SEÑOR, ENSÍANOS A ORAR

Para que a Igrexa non caia na tentación de manipular a vontade de Deus por calquera razón, OREMOS.

SEÑOR, ENSÍANOS A ORAR

Para que cantos hoxe nos reunimos aquí, para que fagamos da nosa pregaria búsqueda do que Deus quere para nós. OREMOS

SEÑOR, ENSÍANOS A ORAR

Polas persoas que outros anos compartían estes días de festa aquí, que teñan agora parte á beira de Deus Pai, OREMOS

SEÑOR, ENSÍANOS A ORAR

(Presentemos, en silencio, con San Bieito
as nosas intencións a Deus)

Oremos xuntos, agora, coa pregaria do Señor.

NOSO PAI QUE ESTÁS NO CEO...

Oración final para todos os días

Deus, noso Pai,
que nos creaches para que puidéramos
compartir a túa vida,
eiquí estamos ante Ti,
para escoitar a túa voz e conversar contigo.
Traemos á oración as alegrías e as penas
que nos toca vivir,
e os atrancos e problemas dos nosos irmáns e irmás
co desexo de que a túa luz alente a nosa esperanza.
Danos espírito de humildade e de obediencia,
para que, escoitando os preceptos de Cristo, o Mestre,
e aleccionados polo exemplo de san Bieito,
usemos de tal xeito os bens da terra,
que sexamos merecentes de acadar os gozos eternos.
Por Cristo, Noso Señor.

Canto da quinta estrofa dos gozos

Que o Señor, pola intercesión do abade San Bieito,
nos bendiga, † nos garde de todo mal
e nos leve á vida eterna. Amén



NOVENA DE SAN BIEITO

DÍA 6º



Unidade Pastoral d'Os Cotos

1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

CANTO DE ENTRADA 🎵 *nº 3 Unha xuntanza de ...*

Monitor/a

Benvidos sexamos a este encontro. Reunímonos coma comunidade no nome do Pai e do fillo e do Espírito Santo

LECTURA DA REGLA DE SAN BIEITO

“Escoita, fillo, os preceptos dun mestre, apronta a escoita do teu corazón, acolle con gusto esta ensinanza dun pai entrañable e pona en práctica, para que retornes a Deus de quen te tiñas alonxado. A ti, pois, se dirixen estas miñas palabras, quen queira que sexas, se queres renunciar á túa vontade e decidirte por facer o camiño do evanxeo para servir ao verdadeiro señor, Cristo”.

As palabras de san Bieito nos convidan nestes días de novena a volver os corazóns a Deus, a refacer os camiños que nos levan a Él, principalmente o camiño da oración. Preparemos os corazóns para o encontro con Deus, o único que poder encher a nosa vida de plenitude.

ACTO PENITENCIAL

Monitor/a

Invoquemos a misericordia de Deus coas peticións de perdón

- Porque na oración pretendemos usar de Deus para enchernos de fartura inxusta,

PERDÓN, SEÑOR, PERDÓN ♪

- Porque a nosa oración é un pedir egoísta, que non ten en conta aos demais,

PERDÓN, SEÑOR, PERDÓN ♪

- Porque a nosa oración é cega e muda para as necesidades dos demais,

PERDÓN, SEÑOR, PERDÓN ♪

Deus todopoderoso teña piedade de nós e dos que teñen un lugar nos nosos corazóns, nos conceda o perdón dos pecados e nos leve á vida eterna. AMÉN

ORACIÓN PROPIA DO DIA

Monitor/a

Deus santo, celebramos un ano máis estes días de novena. Concédenos que as palabras e os feitos deste tempo nos leven a comprender mellor o camiño de Cristo e a seguir o seu exemplo cunha vida cada vez máis coherente co evanxeo, como fixo o abade San Bieito. Pedímoscho, por Xesucristo, que vive e reina por sempre eternamente. Amén

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s)

a palabra de Deus proclámase dende o ambón

Monitor/a

Sentemos para escoitar a Palabra de Deus, deixemos que sexa Cristo mesmo quen nos ensine a orar.

PROCLAMACIÓN DO EVANXEO DE MATEO

Chegada a tarde, os discípulos foron onda Xesús e dixéronlle:

-O lugar está moi arredado e a hora moi avanzada: será mellor que despidas á xente para que vaian ás aldeas e merquen comida.

Xesús díxolles:

-Non precisan marchar, dádelles vós de comer.

PALABRA DO SEÑOR

REFLEXIÓN

“CANDO RECEDES DICIDE...

DANOS HOXE O NOSO PAN ...”

O pan de cada día; a oración do Señor amósanos camiños de moderación, ben axeitados para o tempo de hoxe. Nun mundo de diferenzas escandalosas, nun mundo onde se tira comida mentres multitudes morren de fame, os cristiáns pedimos o pan de cada día, porque así pedimos o pan para todos.

Non queremos acumular dons, a austeridade segue sendo unha base fundamental da nosa vida; non entenderíamos que uns pais encheran de bens e mimos a un fillo e se desentenderan de outro, por iso a nosa oración de petición ten que ser comedida; non hai pobres na terra, hai empobrecidos. Hai pobreza que é froito de riquezas desmedidas.

A nosa complicidade co Pai na oración quere ser resposta coherente co evanxeo, queremos que a nosa vida, tamén a nosa oración sexa construtora dun mundo novo.

(Mantemos un momento de silencio)

ORACIÓN UNIVERSAL

Monitor/a

Postos en pé, coa mesma confianza coa que San Bieito se puña nas mans do Pai, oremos xuntos pola intercesión de Xesús a quen dicimos:

SEÑOR, ENSÍNANOS A ORAR

Polos que non teñen descuberto a Deus que nos manifesta un xeito propio de camiñar na vida,
OREMOS

SEÑOR, ENSÍNANOS A ORAR

Polos que padecen o pecado do egoísmo dos demais,
polos que carecen do necesario para vivir con dignidade
OREMOS.

SEÑOR, ENSÍNANOS A ORAR

Para que a Igrexa sexa a primeira en amosar a riqueza de Deus compartindo o pan con quen non ten, **OREMOS**

SEÑOR, ENSÍNANOS A ORAR

Para que, cantos hoxe nos reunimos aquí, fagamos da nosa pregaría construción dun mundo sen fames,
OREMOS

SEÑOR, ENSÍNANOS A ORAR

Polas persoas que outros anos compartían estes días de festa aquí, que teñan agora parte á beira de Deus Pai,
OREMOS

SEÑOR, ENSÍNANOS A ORAR

(Presentemos, en silencio, con San Bieito
as nosas intencións a Deus)

Oremos xuntos, agora, coa pregaría do Señor.

NOSO PAI QUE ESTÁS NO CEO...

Oración final para todos os días

Deus, noso Pai,
que nos creaches para que puidéramos
compartir a túa vida,
eiquí estamos ante Ti,
para escoitar a túa voz e conversar contigo.
Traemos á oración as alegrías e as penas
que nos toca vivir,
e os atrancos e problemas dos nosos irmáns e irmás
co desexo de que a túa luz alente a nosa esperanza.
Danos espírito de humildade e de obediencia,
para que, escoitando os preceptos de Cristo, o Mestre,
e aleccionados polo exemplo de san Bieito,
usemos de tal xeito os bens da terra,
que sexamos merecentes de acadar os gozos eternos.
Por Cristo, Noso Señor.

Canto da segunda sexta dos gozos

Que o Señor, pola intercesión do abade San Bieito,
nos bendiga, † nos garde de todo mal
e nos leve á vida eterna. Amén



NOVENA DE SAN BIEITO

DÍA 7º



Unidade Pastoral d'Os Cotos

1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

CANTO DE ENTRADA 🎵 *nº 3 Unha xuntanza de ...*

Monitor/a

Benvidos sexamos a este encontro. Reunímonos coma comunidade no nome do Pai e do fillo e do Espírito Santo

LECTURA DA REGLA DE SAN BIEITO

“Escoita, fillo, os preceptos dun mestre, apronta a escoita do teu corazón, acolle con gusto esta ensinanza dun pai entrañable e pona en práctica, para que retornes a Deus de quen te tiñas alonxado. A ti, pois, se dirixen estas miñas palabras, quen queira que sexas, se queres renunciar á túa vontade e decidirte por facer o camiño do evanxeo para servir ao verdadeiro señor, Cristo”.

As palabras de san Bieito nos convidan nestes días de novena a volver os corazóns a Deus, a refacer os camiños que nos levan a Él, principalmente o camiño da oración. Preparemos os corazóns para o encontro con Deus, o único que poder encher a nosa vida de plenitude.

ACTO PENITENCIAL

Monitor/a

Invoquemos a misericordia de Deus coas peticións de perdón

- Porque na oración pretendemos deixar á marxe a nosa relación cos demais,

PERDÓN, SEÑOR, PERDÓN ♪

- Porque a nosa oración non busca renovar a vida dende o perdón,

PERDÓN, SEÑOR, PERDÓN ♪

- Porque a nosa oración non procura abandonarse no amor e na misericordia de Deus,

PERDÓN, SEÑOR, PERDÓN ♪

Deus todopoderoso teña piedade de nós e dos que teñen un lugar nos nosos corazóns, nos conceda o perdón dos pecados e nos leve á vida eterna. AMÉN

ORACIÓN PROPIA DO DIA

Monitor/a

Deus santo, celebramos un ano máis estes días de novena. Concédenos que as palabras e os feitos deste tempo nos leven a comprender mellor o camiño de Cristo e a seguir o seu exemplo cunha vida cada vez máis coherente co evanxeo, como fixo o abade San Bieito. Pedímoscho, por Xesucristo, que vive e reina por sempre eternamente. Amén

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s)

a palabra de Deus proclámase dende o ambón

Monitor/a

Sentemos para escoitar a Palabra de Deus, deixemos que sexa Cristo mesmo quen nos ensine a orar.

PROCLAMACIÓN DO EVANXEO DE MATEO

Xesús díxolles:

-Pero a vós, que me escoitades, dígovos: Amade os vosos inimigos, facédelles ben aos que vos odian, bendicide aos que vos maldín e rogade polos que vos calumnian; ao que che zoupe nunha meixela, preséntalle a outra; e ao que che leve o manto, non lle prives de levar tamén a túnica. Ao que che pida, dálle; e ao que che leve o teu, non lle reclames nada. Así que tratade á xente tal como queredes que vos traten a vós.

Sede compasivos coma o voso Pai é compasivo. Non xulgedes, e non vos xulgarán; non condenedes, e non vos condenarán; perdoade, e hantvos perdoar.

PALABRA DO SEÑOR

REFLEXIÓN

“CANDO RECEDES DICIDE...

**PERDOA AS NOSAS OFENSAS
COMO TAMÉN PERDONAMOS NÓS ...”**

Con esta petición pisamos a parte mais atrevida do Noso Pai. É como dicirlle a Deus: “pórtate con nós do mesmo xeito que o facemos nós cos demais”.

Sería unha petición insensata de non ser porque antes Xesús nos ten descuberto a figura do Pai, tennos aberto ao misterio dun amor que nos envolve e nos abriga. O verdadeiro atrevemento é chamarlle a Deus Pai, todo o demais é consecuencia diso.

Non é o noso perdón o que damos xenerosamente aos demais, é o perdón mesmo de Deus, que desborda os diques do noso corazón e asulaga no mesmo mar as nosas ofensas e as dos demais. Perdoar non é unha cuestión de ter gran coraxe, senón de ter fe no Deus de misericordia “que se sae”.

(Mantemos un momento de silencio)

ORACIÓN UNIVERSAL

Monitor/a

Postos en pé, coa mesma confianza coa que San Bieito se puña nas mans do Pai, oremos xuntos pola intercesión de Xesús a quen dicimos:

SEÑOR, ENSÍANOS A ORAR

Polos que non teñen descuberto ao Deus misericordioso e perdoador, OREMOS.

SEÑOR, ENSÍANOS A ORAR

Polos que viven na frustración de non saber perdoar, e teñen o corazón cheo de odio e vinganza. OREMOS.

SEÑOR, ENSÍANOS A ORAR

Para que a Igrexa non caia na tentación de sentirse dona do perdón de Deus, OREMOS.

SEÑOR, ENSÍANOS A ORAR

Para que cantos hoxe nos reunimos aquí saibamos ser no medio do mundo anunciadores do perdón. OREMOS

SEÑOR, ENSÍANOS A ORAR

Polas persoas que outros anos compartían estes días de festa aquí, que teñan agora parte á beira de Deus Pai, OREMOS

SEÑOR, ENSÍANOS A ORAR

(Presentemos, en silencio, con San Bieito
as nosas intencións a Deus)

Oremos xuntos, agora, coa pregaría do Señor.

NOSO PAI QUE ESTÁS NO CEO...

Oración final para todos os días

Deus, noso Pai,
que nos creaches para que puidéramos
compartir a túa vida,
eiquí estamos ante Ti,
para escoitar a túa voz e conversar contigo.
Traemos á oración as alegrías e as penas
que nos toca vivir,
e os atrancos e problemas dos nosos irmáns e irmás
co desexo de que a túa luz alente a nosa esperanza.
Danos espírito de humildade e de obediencia,
para que, escoitando os preceptos de Cristo, o Mestre,
e aleccionados polo exemplo de san Bieito,
usemos de tal xeito os bens da terra,
que sexamos merecentes de acadar os gozos eternos.
Por Cristo, Noso Señor.

Canto da séptima estrofa dos gozos

Que o Señor, pola intercesión do abade San Bieito,
nos bendiga, † nos garde de todo mal
e nos leve á vida eterna. Amén



NOVENA DE SAN BIEITO

DÍA 8º



Unidade Pastoral d'Os Cotos

1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

CANTO DE ENTRADA 🎵 *nº 3 Unha xuntanza de ...*

Monitor/a

Benvidos sexamos a este encontro. Reunímonos coma comunidade no nome do Pai e do fillo e do Espírito Santo

LECTURA DA REGLA DE SAN BIEITO

“Escoita, fillo, os preceptos dun mestre, apronta a escoita do teu corazón, acolle con gusto esta ensinanza dun pai entrañable e pona en práctica, para que retornes a Deus de quen te tiñas alonxado. A ti, pois, se dirixen estas miñas palabras, quen queira que sexas, se queres renunciar á túa vontade e decidirte por facer o camiño do evanxeo para servir ao verdadeiro señor, Cristo”.

As palabras de san Bieito nos convidan nestes días de novena a volver os corazóns a Deus, a refacer os camiños que nos levan a Él, principalmente o camiño da oración. Preparemos os corazóns para o encontro con Deus, o único que poder encher a nosa vida de plenitude.

ACTO PENITENCIAL

Monitor/a

Invoquemos a misericordia de Deus coas peticións de perdón

- Porque a nosa vida vese marcada, con frecuencia, pola rutina e pola tentación da comodidade,
PERDÓN, SEÑOR, PERDÓN ♪
- Porque a nosa vida, moitas veces, non ven marcada polo compartir, polo dar unha man,
PERDÓN, SEÑOR, PERDÓN ♪
- Porque a nosa vida, a miúdo, vese marcada por un camiñar lonxe da igualdade e da tolerancia,
PERDÓN, SEÑOR, PERDÓN ♪

Deus todopoderoso teña piedade de nós e dos que teñen un lugar nos nosos corazóns, nos conceda o perdón dos pecados e nos leve á vida eterna. AMÉN

ORACIÓN PROPIA DO DIA

Monitor/a

Deus santo, celebramos un ano máis estes días de novena. Concédenos que as palabras e os feitos deste tempo nos leven a comprender mellor o camiño de Cristo e a seguir o seu exemplo cunha vida cada vez máis coherente co evanxeo, como fixo o abade San Bieito. Pedímoscho, por Xesucristo, que vive e reina por sempre eternamente. Amén

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

Monitor/a

Sentemos para escoitar a Palabra de Deus, deixemos que sexa Cristo mesmo quen nos ensine a orar.

PROCLAMACIÓN DO EVANXEO DE MATEO

Naquel tempo achegóuselle a Xesús a nai de Santiago e Xoán, postrándose para pedirlle algo.

El preguntoulle: -¿Que queres?

Respondeulle: -Manda que estes fillos meus senten un á túa dereita e outro á túa esquerda no teu Reino.

Respondeulle Xesús: -Non sabedes o que pedides. ¿Poderedes beber o cáliz que eu teño que beber?

Respondéronlle: -Podemos.

Xesús replicou: -O meu cáliz beberédelo; pero o sentar á miña dereita ou á miña esquerda, iso non depende de min concedelo: é para quen o meu Pai o ten preparado.

Ao escoitaren isto os outros dez, anoxáronse cos dous irmáns. Entón Xesús chamou por todos e díxolles:

-Xa sabedes que os xefes dos pobos os tiranizan, e os poderosos os asoballan. Pero entre vós non pode ser así. Nin moito menos: quen queira ser importante, que sirva aos demais; e quen queira ser o primeiro, que sexa o

máis servicial; porque o Fillo do Home non veu a que o sirvan, senón a servir e a dar a súa vida por todos.

PALABRA DO SEÑOR

REFLEXIÓN

“CANDO RECEDES DICIDE...

NON NOS DEIXES CAER NA TENTACIÓN... ”

Hoxe estamos vivindo días nos que somos quen de compartir a fe con corazón, palabras e feitos. Un corazón grande para saber vivir, un acertar a crucificar os nosos orgullos e egoísmos, unha capacidade de acollida e escoita sen límites, unha fame e sede de xustiza.

Isto que se pode dicir con facilidade, seguro que non é doado de acadar na vida, pero o importante é que tendamos cara elo, que sexamos valentes para dar algún paso, aínda que sexa pequeniño. Así poñémonos hoxe nas mans do Deus que nos ama cun corazón máis grande cas nosas tentacións.

“Non nos deixes caer na tentación” sabendo que moitas veces tentamos a Deus cos nosos desexos, coas nosas peticións, coas nosas promesas. Esta tentación de querer un deus á nosa medida superámola cando pedimos para os demais, cando miramos que non estamos sos no mundo, que outros necesitan mais que nós. Rezamos cos demais e polos demais.

(Mantemos un momento de silencio)

ORACIÓN UNIVERSAL

Monitor/a

Postos en pé, coa mesma confianza coa que San Bieito se puña nas mans do Pai, oremos xuntos pola intercesión de Xesús a quen dicimos:

SEÑOR, ENSÍANOS A ORAR

Polos que non teñen descuberto a Deus, e se deixan levar pola frustración e polo derrotismo, OREMOS.

SEÑOR, ENSÍANOS A ORAR

Polos que perderon a esperanza na vida, polos que camiñan estando de volta de todo, polos que están vencidos na tentación da rutina, OREMOS.

SEÑOR, ENSÍANOS A ORAR

Para que os cristiáns sexamos sempre respectuosos e tolerantes con quen vive, pensa ou cree diferente, OREMOS

SEÑOR, ENSÍANOS A ORAR

Para que cantos hoxe nos reunimos aquí, como comunidade de Xesús, sexamos quen de achegarnos a Deus sen medos, con sinxeleza e confianza, OREMOS

SEÑOR, ENSÍANOS A ORAR

Polas persoas que outros anos compartían estes días de festa aquí, que teñan agora parte á beira de Deus Pai, OREMOS

SEÑOR, ENSÍANOS A ORAR

(Presentemos, en silencio, con San Bieito
as nosas intencións a Deus)

Oremos xuntos, agora, coa pregaría do Señor.

NOSO PAI QUE ESTÁS NO CEO...

Oración final para todos os días

Deus, noso Pai,
que nos creaches para que puidéramos
compartir a túa vida,
eiquí estamos ante Ti,
para escoitar a túa voz e conversar contigo.
Traemos á oración as alegrías e as penas
que nos toca vivir,
e os atrancos e problemas dos nosos irmáns e irmás
co desexo de que a túa luz alente a nosa esperanza.
Danos espírito de humildade e de obediencia,
para que, escoitando os preceptos de Cristo, o Mestre,
e aleccionados polo exemplo de san Bieito,
usemos de tal xeito os bens da terra,
que sexamos merecentes de acadar os gozos eternos.
Por Cristo, Noso Señor.

Canto da oitava estrofa dos gozos

Que o Señor, pola intercesión do abade San Bieito,
nos bendiga, † nos garde de todo mal
e nos leve á vida eterna. Amén



NOVENA DE SAN BIEITO

DÍA 9º



Unidade Pastoral d'Os Cotos

1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

CANTO DE ENTRADA 🎵 *nº 3 Unha xuntanza de ...*

Monitor/a

Benvidos sexamos a este encontro. Reunímonos coma comunidade no nome do Pai e do fillo e do Espírito Santo

LECTURA DA REGLA DE SAN BIEITO

“Escoita, fillo, os preceptos dun mestre, apronta a escoita do teu corazón, acolle con gusto esta ensinanza dun pai entrañable e pona en práctica, para que retornes a Deus de quen te tiñas alonxado. A ti, pois, se dirixen estas miñas palabras, quen queira que sexas, se queres renunciar á túa vontade e decidirte por facer o camiño do evanxeo para servir ao verdadeiro señor, Cristo”.

As palabras de san Bieito nos convidan nestes días de novena a volver os corazóns a Deus, a refacer os camiños que nos levan a Él, principalmente o camiño da oración. Preparemos os corazóns para o encontro con Deus, o único que poder encher a nosa vida de plenitude.

ACTO PENITENCIAL

Monitor/a

Invoquemos a misericordia de Deus coas peticións de perdón

- Porque na nosa vida, ás veces, somos ruíns con nós mesmos, cos demais e coa terra,

PERDÓN, SEÑOR, PERDÓN ♪

- Porque na nosa vida, ás veces, non cremos que podemos superar os nosos atrancos e os dos demais

PERDÓN, SEÑOR, PERDÓN ♪

- Porque na nosa vida, ás veces, facemos da fe maxia e superstición na loita contra o mal,

PERDÓN, SEÑOR, PERDÓN ♪

Deus todopoderoso teña piedade de nós e dos que teñen un lugar nos nosos corazóns, nos conceda o perdón dos pecados e nos leve á vida eterna. AMÉN

ORACIÓN PROPIA DO DIA

Monitor/a

Deus santo, celebramos un ano máis estes días de novena. Concédenos que as palabras e os feitos deste tempo nos leven a comprender mellor o camiño de Cristo e a seguir o seu exemplo cunha vida cada vez máis coherente co evanxeo, como fixo o abade San Bieito. Pedímoscho, por Xesucristo, que vive e reina por sempre eternamente. Amén

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

Monitor/a

Sentemos para escoitar a Palabra de Deus, deixemos que sexa Cristo mesmo quen nos ensine a orar.

PROCLAMACIÓN DO EVANXEO DE MATEO

Naquel tempo díxolles Xesús aos seus discípulos esta parábola:

- Cando veña o Fillo do Home xuntaranse todos os pobos; e separará uns dos outros. Entón dirá o Rei a uns:

"Vinde, benditos do meu Pai; recibide a herdanza do Reino preparado para vós desde a creación do mundo. Porque tiven fame e déstesme de comer; tiven sede e déstesme de beber; fun forasteiro e acolléstesme; estiven espido e vestístesme; enfermo e visitástesme; estiven na cadea e viñéstesme ver".

Entón preguntaranlle os xustos: "Señor, ¿cando te vimos famento e che demos de comer; ou sedento e che demos de beber? ¿Cando te vimos forasteiro e te acollemos; ou espido e te vestimos? ¿Cando te vimos enfermo ou na cadea e te visitamos?"

O rei contestaralles: "Asegúrovos que canto fixestes cun destes irmáns meus máis pequenos fixéstelo comigo".

PALABRA DO SEÑOR

REFLEXIÓN

“CANDO RECEDES DICIDE...

LÍBRANOS DO MAL ...”

As nosas mans fan o camiño de Deus. As mans solidarias de tantos homes e mulleres que nesta nosa terra d’Os Cotos fan realidade o desexo de mellorar a vida da nosa comunidade.

As mans solidarias de tantos homes e mulleres que nos pobos máis empobrecidos loitan a favor das persoas que se ven privadas dos seus dereitos fundamentais.

As mans solidarias dos homes e mulleres que non calan ante as inxustizas da fame, ou do silencio.

As mans solidarias dos homes e mulleres que se esforzan pola igualdade, pola tolerancia, polo respecto entre todos.

As mans solidarias dos homes e mulleres que comparten á beira das persoas maiores coidando e agarimando.

As mans solidarias dos homes e mulleres que coma pais se esforzan por educar aos fillos en valores, aínda que ás veces non sexa unha tarefa doada. Un educar na responsabilidade da coherencia fronte ao aparentar, un educar na igualdade fronte á marxinación, un educar na dignidade fronte á violencia.

Así Deus libéranos do mal, e nós liberamos do mal aos demais.

(Mantemos un momento de silencio)

ORACIÓN UNIVERSAL

Monitor/a

Postos en pé, coa mesma confianza coa que San Bieito se puña nas mans do Pai, oremos xuntos pola intercesión de Xesús a quen dicimos:

SEÑOR, ENSÍANOS A ORAR

Polos que non teñen descuberto a Deus, o que nos libera do mal, o que nos acolle nas súas mans de Pai, OREMOS

SEÑOR, ENSÍANOS A ORAR

Polos que, coma o abade San Bieito, teñen descuberto a Deus á beira dos oprimidos polo mal, OREMOS

SEÑOR, ENSÍANOS A ORAR

Para que como Igrexa acertemos a botar unha man a prol das persoas que se senten afogadas polo mal, OREMOS

SEÑOR, ENSÍANOS A ORAR

Para que cantos hoxe nos reunimos aquí, como comunidade de Xesús, sexamos quen de falar con Deus coa confianza de sentir a súa axuda para superar os atrancos, OREMOS

SEÑOR, ENSÍANOS A ORAR

Polas persoas que outros anos compartían estes días de festa aquí, que teñan agora parte á beira de Deus Pai, OREMOS

SEÑOR, ENSÍANOS A ORAR

*(Presentemos, en silencio, con San Bieito
as nosas intencións a Deus)*

Oremos xuntos, agora, coa pregaría do Señor.

NOSO PAI QUE ESTÁS NO CEO...

Oración final para todos os días

Deus, noso Pai,
que nos creaches para que puidéramos
compartir a túa vida,
eiquí estamos ante Ti,
para escoitar a túa voz e conversar contigo.
Traemos á oración as alegrías e as penas
que nos toca vivir,
e os atrancos e problemas dos nosos irmáns e irmás
co desexo de que a túa luz alente a nosa esperanza.
Danos espírito de humildade e de obediencia,
para que, escoitando os preceptos de Cristo, o Mestre,
e aleccionados polo exemplo de san Bieito,
usemos de tal xeito os bens da terra,
que sexamos merecentes de acadar os gozos eternos.
Por Cristo, Noso Señor.

Canto da novena estrofa dos gozos

Que o Señor, pola intercesión do abade San Bieito,
nos bendiga, † nos garde de todo mal
e nos leve á vida eterna. Amén

